



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
X
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 Entrechán
OURENSE

IB. 1527

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a dezaseis de marzo de mil novecentos noventa e catro.



VISTO o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado "MONTE CHAIRA" a solicitude dos veciños de Acevedo do Río, Concello de Celanova.

RESULTANDO que con data 20 de outubro de 1988, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado por JULIO VÁZQUEZ LÓPEZ, JOSÉ MOSQUERA SEOANE, E OUTROS veciños de Acevedo do Río, solicitando se declare o monte como veciñal en man común.

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 1 de marzo de 1989, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE



designando instructor do mesmo a D. Manuel Bouzas Costa, quen aceptou tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de CELANOVA, e remitíndose comunicacións dirixidas ós representantes da comunidade veciñal, ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó Presidente da Cámara Agraria Local de Celanova, ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Celanova e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industriais Forestais, publicándose Edictos no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (nº 97, do 28 de abril de 1989) e expoñéndose no taboleiro de anuncios do Concello de Celanova, durante o prazo dun mes segundo consta en certificado expedido polo Secretario do Concello .

RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de Celanova como segue:

Tomo 619 do Arquivo, libro 34 da Sección de Acevedo do Río,
ó folio 212, inscrición segunda, Letra A. da finca 3.687.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE



RESULTANDO que con data 10 de decembro de 1991, recibíuse de Xurado escrito presentado por D. José Benito Méndez Salgado, en representación dos veciños de Trasmiras, Outeiro, Pazos, Prados, Chousas, Cerdedo, Casal e Lamas na parroquia de Acevedo do Río, solicitando a clasificación do citado monte.

RESULTANDO que na sesión celebrada o día 30 de xullo de 1992, o Xurado acordou a tramitación do expediente de clasificación do "MONTE CHAIRA" a favor dos veciños de Trasmiras, Outeiro, Pazos, Prados, Chousas, Cerdedo, Casal e Lamas, na parroquia de Acevedo do Río, Concello de Celanova (Ourense). Publicouse no B.O.P: nº 289 do 17 de decembro de 1992, e expúxose no taboleiro de anuncios do Concello de Celanova durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia extendida ó dorso do edicto polo Secretario do Concello.

RESULTANDO que con data 13 de xaneiro de 1993 tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes certificación do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Celanova opoñéndose á clasificación do MONTE CHAIRA "en base a que o mesmo figura como ben de propios do Concello, tanto no



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE



Inventario de Bens como no Rexistro da propiedade". O 4 de febreiro de 1993, a comisión de veciños promotora da clasificación, unha vez coñecido o posicionamento do Concello de Celanova, aporta documentación do Arquivo Histórico Provincial en xustificación da súa pretensión.

RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

VISTOS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei de Procedemento Administrativo de 17 de xullo de 1958.

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común, ten Xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que segundo o artigo 1 da Lei do Parlamento de Galicia 13/1989, de 10 de outubro, son Montes veciñais en man



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE



mancomún, aqueles que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais, na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas e se veñan aproveitando consuetudinariamente, en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros de aquelas, na súa condición de veciños; de modo que, como sinala a sentenza do T.S. (Sala 3ª) de 9 de marzo de 1993, son dúas as notas características de tal institución: o aproveitamento consuetudinario dun monte ou parte de él, en mancomún a comunidade, sen atribución de cuotas e a atribución de titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes dun grupo social fáctico determinado, independentemente da súa cualificación, ou non, como entidade municipal ou administrativa.

CONSIDERANDO que as informacións e testimonios dos veciños acreditan que o monte que de seguido se describe é aproveitado consuetudinariamente e pousado en réxime de comunidade xermánica polos veciños integrantes dos lugares o grupos sociais de Trasmiras, Outeiro, Pazo, Prados, Chousas, Cerdedo, Casal e Lamas, da parroquia de Acevedo do Río, Concello de Celanova.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 Entrochán
OURENSE

O monte se describe así:

- Superficie: 57 hectáreas.

- Lindeiros:

N.: Comunal de Prados e propiedades de Antonio Ferro.

S.: Liña divisoria do Concello de Vereá e Acevedo.

E.: propiedades de Emilio Méndez López e camiño.

O.: Sitio denominado Tuleiros e labradío de veciños de Trasmiras.



CONSIDERANDO que segundo o art. 27 do Regulamento de Montes Veciñais en man común de 4 de setembro de 1992, non será obstáculo para a clasificación dun monte como veciñal en man común o feito de acharse incluído nalgún Catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade, agás, que os asentos se practicasen en virtude de sentenza firme dictada en xuízo declarativo; pero é que ademais o titular segundo o Rexistro da Propiedade do citado monte, é o Concello de Acevedo do Río, e se ben este extinguiuse como tal, por incorporación ó de Celanova, esté último non inscribiu a súa



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrecán
OURENSE

titularidade, de modo que o Concello de Celanova, non pode invocar unha titularidade que o Rexistro da Propiedade non publica.

CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia dos veciños para que este Xurado poda acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN CÔMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A:

PRIMEIRO. - CLASIFICA-lo monte denominado "MONTE CHAIRA" de 57 Has de superficie a favor dos veciños dos pobos de TRASMIRAS, OUTEIRO, PAZO, PRADOS, CHOUSAS, CERDEDO, CASAL E LAMAS, da parroquia de Acevedo do Río, Concello de Celanova, e cos lindeiros descritos no Considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrochán
OURENSE

SEGUNDO. - Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.



Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde- Presidente, ó representante da Comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se llos fará saber que esta resolución pode ser obxecto de Recurso de Reposición perante este Xurado Provincial no prazo **DUN MES** a partir do día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia como previo ó Contencioso -Administrativo perante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

[Handwritten signatures and initials]

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

ANUNCIO do 22 de abril de 2015, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica o Acordo do 18 de marzo de 2015, relativo á proposta de revisión da descrición do monte veciñal en man común Chaira, pertencente a Cerdedo, O Casal, Trasmiras, Outeiro, Pazo das Chousas, Os Prados, As Chousas e As Lamas, no concello de Celanova.

O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, examinada a súa solicitude de revisión da cartografía do MVMC Chaira, adoptou o seguinte acordo, baseándose nos feitos e consideracións legais que a seguir se expoñen:

Feitos:

Primeiro. Con data do 3 de abril de 2013 (nº entrada 9600/rx 249692) María Ángeles Montes Deza-López presentou unha solicitude dirixida ao Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de que fose revisada a delimitación que consta na carpeta ficha do MVMC Chaira, propiedade dos veciños dos lugares de Trasmiras, Outeiro, Pazo das Chousas, Os Prados, As Chousas, Cerdedo, O Casal e As Lamas. De acordo coa solicitante, dita delimitación presenta discrepancias coa realidade, que afectan a diversas fincas particulares.

Segundo. Con data do 19 de febreiro de 2014 o Servizo de Montes informou que se deberían revisar a descrición e planos do monte veciñal Chaira, de acordo co procedemento da disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A proposta de revisión achegada polo Servizo de Montes é a seguinte:

Nome do monte veciñal en man común: Chaira.

Pertenza: Cerdedo, O Casal, Trasmiras, Outeiro, Pazo das Chousas, Os Prados, As Chousas e As Lamas.

Parroquia: Acevedo do Río (San Xurxo).



Concello: Celanova.

Superficie total: 564.372 m² (56,4372 ha).

1º. Os terreos do monte constitúen un couto redondo, formado por 18 parcelas catastrais, todas do concello de Celanova:

– Polígono 117 parcelas: 301 completa (76.903 m²), 638 completa (58.352 m²), 1.071 completa (1.523 m²), 1.072 completa (684 m²), 1.073 completa (280 m²), 1.074 completa (489 m²), 1.076 completa (14.047 m²), 1.077 completa (13.983 m²), 1078 completa (127.012 m²), 1.079 completa (9.665 m²), 1.080 completa (9.146 m²), 1.081 completa (1.377 m²), 1.082 completa (16.648 m²), 1.083 completa (16.874 m²) e 1.084 completa (1.881 m²).

– Polígono 120 parcelas: 197 completa (213.044 m²), 273 completa (914 m²) e 6.002 parte (1.550 m² dun total de 2.723 m² que ten a parcela completa).

2º. O monte non presenta encravados.

3º. Estrema coas parcelas catastrais seguintes (todas do concello de Celanova, con todas as coordenadas referidas á proxección UTM, fuso 29 N, zona T, datum ED50):

Norte (enumeradas de oeste para leste):

– Desde o punto 1, con coordenadas X=581.379,23 Y=4.666.765,12, ata o punto 2, con coordenadas X=581.782,67 Y=4.666.724,56, parcela 9.003 do polígono 117 (camiño rural de dominio público).

– Desde o punto 2 ata o punto 3, con coordenadas X=582.122,88 Y=4.666.930,20, parcelas 554, 560, 561, 562, 932, 933, 636, 635, 634, 633 e 630 do polígono 117.

– Desde o punto 3 ata o punto 4 con coordenadas X=582.441,16 Y=4.667.272,80 parcela 9.003 do polígono 117 (camiño rural de dominio público).

Leste (enumeradas de norte para sur):

– Desde o punto 4 ata o punto 5, con coordenadas X=582.340,02 Y=4.666.962,56, parcela 9.003 do polígono 117 (camiño rural de dominio público).



– Desde o punto 5 ata o punto 6, con coordenadas X=582.557,95 Y=4.666.519,64, parcelas 725 ata 731, 763 ata 768, 771, 772, 783, 793 ata 795, 1.021, 796, 797, 1.022 ata 1.025, 1.027 e 922 do polígono 117.

Sur (enumeradas de leste para oeste):

– Desde o punto 6 ata o punto 7, con coordenadas X=582.420,00 Y=4.666.403,00, parcela 9.003 do polígono 117 (camiño rural de dominio público), parcela 9.005 do polígono 120 (camiño rural de dominio público) e parcela 9.001 do polígono 120 (estrada OU-0209 de dominio público).

– Desde o punto 7 ata o punto 8, con coordenadas X=582.142,09 Y=4.666.179,52, liña límite de termo municipal Vereia-Celanova materializada por un camiño.

– Desde o punto 8 ata o punto 9, con coordenadas X=582.078,07 Y=4.666.299,70, parcelas 269 e 200 do polígono 120.

– Desde o punto 9 ata o punto 10, con coordenadas X=581.359,63 Y=4.666.207,49, parcela 9.004 do polígono 120 (camiño rural de dominio público).

Oeste (enumeradas de sur para norte):

– Desde o punto 10 ata o punto 11, con coordenadas X=581.380,93 Y=4.666.256,36, parcela 186 do polígono 120 e parcelas 1.068, 1.067 e 1.066 do polígono 518.

– Desde o punto 11 ata o punto 1, parcela 9.003 do polígono 117 (camiño rural de dominio público).

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que pola súa antigüidade non reúnan as características de fiabilidade e precisión que existen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.



De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, de acordo coa proposta do Servizo de Montes do 19 de febreiro de 2014, acordou por unanimidade o día 18 de marzo de 2015:


Aprobar a proposta de revisión da descrición do monte veciñal en man común Chai-ra, pertencente a Cerdedo, O Casal, Trasmiras, Outeiro, Pazo das Chousas, Os Prados, As Chousas e As Lamas, no concello de Celanova, de acordo co exposto no feito segundo.

Ourense, 22 de abril de 2015

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes
Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: cj9loIn5-dwf4-n008-v6c5-thiyh50sgf3





Proposta de perímetro do monte veciñal en man común
denominado "Chaira" no concello de Celanova
Pertencencia: Cerdedo, O Casal, Trasmiras, Outeiro,
Pazo das Chousas, Os Prados, As Chousas e As Lamas

Proxección UTM, fuso 29 N, zona T. Datum ED50
Escala 1:5.000
Follas topográficas dixitais números 263-15 e 263-25

Vértices de referencia para a descrición

- 1.- X=581.379,23 Y=4.666.765,12
- 2.- X=581.782,67 Y=4.666.724,56
- 3.- X=582.122,88 Y=4.666.930,20
- 4.- X=582.441,16 Y=4.667.272,80
- 5.- X=582.340,02 Y=4.666.962,56
- 6.- X=582.557,95 Y=4.666.519,64
- 7.- X=582.420,00 Y=4.666.403,00
- 8.- X=582.142,09 Y=4.666.179,52
- 9.- X=582.078,07 Y=4.666.299,70
- 10.- X=581.359,63 Y=4.666.207,49
- 11.- X=581.380,93 Y=4.666.256,36

Consellería do Medio Rural e do Mar
Servizo de montes de Ourense





Proposta de perímetro do monte vecifal en man común
denominado "Chaira" no concello de Celanova
Pertencencia: Cerdedo, O Casal, Trasmiras, Outeiro,
Pazo das Chousas, Os Prados, As Chousas e As Lamas

Proxección UTM, fuso 29 N, zona T. Datum ED50
Escala 1:5.000

Cartografía catastral: servidor WMS da
Dirección Xeral do Catastro

Vértices de referencia para a descrición

- | | | |
|------|--------------|----------------|
| 1.- | X=581.379,23 | Y=4.666.765,12 |
| 2.- | X=581.782,67 | Y=4.666.724,56 |
| 3.- | X=582.122,88 | Y=4.666.930,20 |
| 4.- | X=582.441,16 | Y=4.667.272,80 |
| 5.- | X=582.340,02 | Y=4.666.962,56 |
| 6.- | X=582.557,95 | Y=4.666.519,64 |
| 7.- | X=582.420,00 | Y=4.666.403,00 |
| 8.- | X=582.142,09 | Y=4.666.179,52 |
| 9.- | X=582.078,07 | Y=4.666.299,70 |
| 10.- | X=581.359,63 | Y=4.666.207,49 |
| 11.- | X=581.380,93 | Y=4.666.256,36 |

Consellería do Medio Rural e do Mar
Servizo de montes de Ourense

